

Igrexa de Augasantas (parroquial de Santa María)



Descrición

Localízase no lugar máis urbano da parroquia de Augasantas. Planta de cruz latina. Destaca campanario de catro corpos moi ornamentados con grandes cornixas e gárgolas, piastras pegadas e faixeadas coa decoración de placas. No lateral gran escudo.

Portada con arco de medio punto rebaixado, remarcado con molduras acoradas. Sobre este arco, figura unha cartela decorada con data de 1733.

Muros laterais lisos con porta sur de arco semicircular con molduras circulares. O ciborio destaca en altura e ten piastras nos ángulos que rematan en gárgola con rostro humano. Sobre esta, un pináculo e no medio do ciborio, cúpula sostida por catro volutas.

Pequeno adro lateral con bóveda de nervios dunha clave e porta de acceso á igrexa. Ó lateral norte e similar o xa descrito coa salvidade de que a capela lateral vai unida á sancristía en bloque común e a porta lateral da nave con escudo na parte superior.

No muro de soporte que pecha o adro atópanse varias cruces e cruceiros que compoñen un "Viacrucis".

Adscrición cultural

Sen definir

Tipoloxía

Igrexa

LOCALIZACIÓN

Parroquia

Augasantas

Lugar

O Igrexario

Coordenadas UTMT29 ETRS89

X: 544892 Y: 4696934

Coordenadas WGS84

Lonxitude: -8.455849 O

Latitude: 42.421493 N

